

“ RIO ARRIBA “

Premio de narrativa “Manuel Murguía”

Arteixo 2008

" non hai victoria se non se pon fin a guerra ".

* Michel E. de Montaigne (escritor francés).

Introducción

Estrela vermella da carraxe, atada cunha franxa cor mar, sobre un lenzo de olvidos e algodón. Oscuridade negrísima afogando en morriñas. Pacto entre lobos e corvos en presenzas silandeiras. Lúa, mar i estrelas (en misión segreda) praneando en silencio lendas palpábelas. Lucas e cores o carón do ar das promesas. Sons mudos (esquecidos) facendo cóxegas nas faces; xardíns e sombras en ironía sublime ... e ... perfecta. O meu pobo-país acompañando a miña presenza nesta gran ausencia de cores, (frio incandescente), ardora de dor ... abrasándoo todo.

Acompañádeme amigos río arriba por un cauce temporal de horas, anos e séculos dende o hoxe gris ata case chegar o manantial purísimo onde nace a nosa propia historia. Escoitaredes os lobos oubear roucos sons tenebrosos, en noites de invernía, no val aquel ... do vento ... da loita pola vida e pola terra ... e dos feros corvos da morte negra.

... ..

Ano 207 antes de Xesús-Cristo.

Costa Ártabra (hoxe Arteixo)

Dez pequenos poboados celtas, dende o pobo de Castelo ata o de Laxobre, vivían en armoniosa felicidade e liberdade; sen máis. Home e mundo nada máis ... nun vivir por vivir, en paz con todo. [*non o comprendades ... só intentade imaxinalo*]

A beira do pequeno río Ba, preto da costa, nun verxel impenetrábel de tатаis, castiñeiros e carballeiras milenarias, un inxente de homes acorazados loitou ferózmente nunha gran batalla terríbel ... a ferro, a morte, sen medo a nada, nunha coraxe desatada, case inimaxinábel por nós.

Toda unha era de prosperidade desmoronábase, por un intre, ante o desexo fanático dun imperio por dominar o mundo coñecido, para maior gloria do César e do seu afán de escravos, viño *albariño* e sacos de ouro; eran desexos e destiños que facían finar pobos e lexións enteiras nun holocausto apocalíptico que nada máis podemos só ... imaxinar.

O idealismo de George Bush ou o de Adolf Hittler ... pero multiplicado por dez ou por doce.

Naquela época confusa e medio despoboad, todo estaba por facer e todo parecía desorganizado. As nacións e as fronteiras non existían aínda. A terra era dos Deuses e non dos homes. Aquela xente era humilde e sentíanse de prestado na terra.

[*Tampouco entón se inventara a peaxe. Non existían os asaltantes da capa verde polas cunetas, nin as hipotecas, nin as nosas ben amadas ... Declaracións de Facenda ...*]

Cada pequeno pobo tiña un "xefe" que facía, en ocasións, de rei, de médico, de xuíz e, as veces, case de todo: eran unha especie de home semi-Deus, voz de todos e a prol de

todos; [*coma ata fai pouco Fidel Castro en Cuba*]. O salario daquela xente era a súa familia e a súa honra. Desvivíanse día tras día por seguir vivindo, "coma agora nós"; e adoraban coma Deuses ... ao sol, ao pai-mar, ao irmá-vento, a nai-terra e a Deusa lúa. Pero, dende logo, o ouro, o cobre, todo o que atopaban ... era deles. O mundo xigante que os rodeaba era deles; moraban no mundo ... ¡¡¡ o libre albedrío !!! : a liberdade dos contos e das fábulas foi real naquela hora, hoxe ... ¡ oposta e tan lonxana ! Se unha vez o home estivo habitando calmadamente o paraíso, como ben narra o Antigo Testamento, foi cecáis ... en aquel preciso e concreto intre. Os celtas, os nosos devanceiros, moraron en **aluguer gratuíto** ... o feiticeiro paraíso do que hoxe non quedan ... ¡¡¡ nin as cinzas !!!.

....

[*preparádevos para voar, dende a lectura, de súpeto, dos milenios atrás no tempo*].

Fai xa moito, moito, moito, moito, ..., pero que moitísimo tempo ... existiu un día un pobo, máximo e valente, alén das eras do cemento e da comodidade. Eran xente altiva, traballadora e fachendosa que vivían atarefados: cazando, pescando e mariscando; curtindo peles, recollendo viandas polo monte e facendo, ¡Deus sabe que!, coas súas curmás polos prados. Aproveitaban ata a última hora do día para traballar arreo e vivían en liberdade na fértil costa ártabra en pequenos poboados celtas, nas beiras daquel río, escondidos permanentemente das invasións dos maliciosos e facinerosos *piratillas* Vikingos ...

[*¡¡¡¡ Menudas montaban os Vikingos!!!! ¡¡¡ FFFUUUAH !!! ¡¡¡ Eran, abofé, boas pezas!!!. Hoxe, no mundo do fútbol, nos chamámoslos agora "Julihans ingleses". Cambiou un pouco o xeito de nomealos, aínda que sigo crendo que son os mesmos peixes, pero ... un pouco máis evolucionados.]*

... e tamén dos Fenícios, que buscaban polo mar sorprendelos para saquealos brutalmente.

Máis un día triste de marzal, nun ano de poca caza, caluroso ... un exército do Este arrasou aqueles poboados do pequeno río lene e asasinou a homes e mulleres ... sen piedade. Tiveron que fuxir cara o Oeste e baixaron un río, abofé ben caudaloso, que nacía nas montañas do Sur e fuxía cara o mar lonxano da virxen “Costa da Morte”, alén do que eles coñecían. E nese duro éxodo fuxitivo chegaron a descubrir, máis alá do que viran endexamáis, unha cidade celta onde aquel río finaba no mar, entre cavorcos e roucas rompentes virulentas. Un lar tenebroso e feiticeiro.

O xefe dos ártabros, o bello Irom, medoso de ser mal recibidos naquela gran cidade,

que él só coñecía por antergas lendas ... axeonllouse e pediulle axuda o Deus Sol e imploroulle luz para solventar aquela situación, para él, tan terríbel e complicada.

E o Deus Sol atendíuno, con prontitude, pois, un numeroso grupo de guerreiros celtas cortóullelo paso nunha chaira verde entre carballos, a poca distancia da gran cidade, e non se presentaron con violencia alguha. Festexaron con aturuxos o feliz encontro ó decatarse que a lingua daqueles guerreiros era a mesma lingua nai tamén deles, i eso, pesou coma unha gran lousa pendurada sobor das súas conciencias. O bello Irom, deu uns pasos adiante, e alzou a voz, con fondura e rectitude, dirixíndose os guerreiros descoñecidos con rexia notoriedade:

- “ Nós vimos dunha terra fértil e acolledora, na alta Mariña do Este, por onde este gran río nace manando cristalino entre montañas. Vimos doídos e *cavidbaixos* pola dura ausencia da nosa xente finada en batalla contra un exército de ferro que nos invadiu por terra, de súpeto, con espada corta, faldas e cabaleria ben formada. Caeu Castelo, Laxobre, Larín, Figueiroa, ... , caeron todos. A sangue dos meus derramouse con dureza pola chaira e entre as carballeiras do Bá. Nós poidemos enviar guerreiros "*camicaces*" a cortárllelo paso e, recollendo a todos estes refuxiados, dende Laxobre ata aquí, fuximos en tropel na procura dunha forma de recompoñernos e voltar con forza a unha nova loita: pois, abofé, preferimos a morte a ferro que unha longa ausencia de liberdades. Decideme vós, pois, ... guerreiros que falades a miña lingua ... ¿quen viña a ser o exército de ferro que se alzou en armas contra nós, e quen sodes vós, que vestides negras cores e alzades grandes espadas cos símbolos antergos dos nosos Deuses? Falade pois, sen ocultarnos verdade algunha...”

E o acabar o seu discurso o bello xefe druída, un dos xinetes máis afoutos, moveu uns pasos o seu retaco cabalo loiro ... e respostou con forza e rouca voz, coma se fose *Pavarotti*:

- “ Fuxides do exército que andamos a agardar; asaltou tamén en pequenos comandos o Oeste deste val, máis en Soneira e Neria non deixou xente viva, nin corpos que purificar no

último lume sagrado. Adoran a Xúpiter e a outros Deuses para nós descoñecidos. En Melid e nas terras do Sur chámanlle Romanos, e polo que fala o vento teñen proposito de conquistar o mundo, e aquí, no fin da terra, tomarán o chan como leite e a súa sangue será, abofé, derramada en maior gloria do Deus noso do Sol e da Deusa nosa da Terra. ¡¡¡ Non fuxiremos de Virxiz, cibdá celta nai, bendecida polos ceos, pois este foi o noso mundo e a nosa liberdade dende que o Deus Vento fixo e perfilou as serras !!! Levamos milenios defendendo os seus valados ... e finiremos aquí, nesta vida, defendendo a nosa sangue para cruzar o río sagrado entre esta e a outra vida ... para maior gloria da nosa estirpe. Unide a nós as vosas espadas e defendede o chan que herdamos noutra era. E ti sabes quen son eu, bello druída. Ti loitaches a carón dos meus devanceiros fai xa moitas lúas. Cando os xinetes negros de Irix e Athor se alzaban en loita... lembra que non medraba a herba por onde eles pisaban. Tremia o ceo e a terra cando loitábades. Sabes ti ben quen eu son.”

E cando se cerrou con forza e fogaxe a súa última palabra, poido asexar Murjiar, xefe dos xinetes de Berganta e príncipe coroado da cidade de Virxiz, como victoreaban entre aturuxos o seu nome os seus guerreiros e tamén os homes do bello Irom. E desta forma, tan sinxela, uníronse, en aquela hora anterga, os pobos da Mariña Artabra, Berganta e Soneira, baixo as ordes do pai de Murjiar: o último gran rei celta.

Pentecoh, que así se nomeaba o rei de Virxiz, propuxo tarefas a tódolos recén chegados e preparouse para unha loita que olvidou por sempre o tempo, en vaguedade. Pero recorda ben a sangue e o vento que dúas longas xeracións loitaron en gloria da liberdade daqueles homes afoutos que nos precederon un día, derramada sangue da nosa sangue.

Preto dos cavorcos e do mar salvaxe, nun val fermoso, a un lado dunha alta montaña estendíase, daquela, a maior cidade celta que nunca coñeceu o home novo. Virxíz atopábase rodeada de altos muros creados para protexer a cidade de saqueadores e de lobos. Naquela

dura terra de carballos e fragas, os lobos e osos, asediaban noite e día o poboado e, os cans e os nenos ... vixías nocturnos, salvagardaban con xenio aqueles muros (hoxe agochados nun monte con fieitas e eucaliptos nun punto calquera no medio da nada) .

Narraron daquela os historiadores romanos, tempo antes do nacemento de XesúsCristo, nunha era de invasións e incertidume, na fin da terra, unha inxente de pequenos grupos de exploradores romanos cruzou o río da Morte e non regresaron nunca máis o ollo dos homes. Tragounos a terra. Non se voltaron a ver nesta vida. Ninguén regresou daquelas viaxes.

I era eso ben certo, pois o benchamado exército dos corvos, dirixido por Pentecoh, rei e señor daquela era, destacaba claramente o seu parecer cos prisioneiros e cando os seus homes facían un recén na contenda, sen dudalo, era sacrificado o Deus do Lume. Condenados a morte eran queimados nunha alta larada de lume de carballo, sufrindo o inferno máis horríbel, en vida, e sen chegar a cruzar o río prometido. Pois, era ben sabido daquela, que para poder cruzar o río entre este e o outro mundo, os guerreiros debían morrer no combate e non nunha cachela de leña de carballo.

Naquela verde fraga doutro tempo, no agromar alto dos montes en invernía, os feros corvos desafiantes grillaban no ar e no vento como agoiro de días fatais, presaxio dun acontecer próximo ... días fartos de sangue e de dor.

E así foi.

Os romanos mandaron naquel entón emisarios e vixías, pequenas "*hüestes*" exploradoras de mercenarios "*vixateiros*" de profesión, e acabaron por saber a situación exacta da gran cidade prometida, aló no confín da terra, nun lugar hoxe aínda visíbel.

Preparáronse ambos bandos a espera dun combate a ferro e a morte, entre a décimo novena lexión de Roma, dirixida por Calo Marco Aurelio (o feo xeneral impasíbel) e o maltreito e desordeado mini-exercito celta, liderado por Pentecoh (último rei celta de Virxiz, o paraíso

de tódolos paraísos).

Intuían xa da súa derrota, máis, non estaban, abofé, tristes ou medosos, pois, para aqueles gerreiros de Artabria, Soneira e Berganta ... a morte defendendo a sangue e a terra era unha gloria rotunda para eles. Era, pois, un día de festexo, un día grande, unha honra. [*fixeron unha festaça coma se fose o día do patrón*]. Para aqueles valentes ir o combate causaría o mesmo cúmulo de sentimentos, ca podería sentir hoxe, un xogador de fútbol o día do seu debút en primeira división; pouco máis ou menos. Un mexunxe de adrenalina, sentimentos e carraxe facendo cóxegas no estómago. No 2008 é pouco máis que impensábel.

E deste xeito, así foi como a décimonovena lexión de Roma cruzou o río da Morte, como chamaban os Romanos o Anllóns, e tomaron as terras de Berganta, cara o último *bastión* irreductíbel da era anterga. [*Obelix e Astérix viviron realmente en Galicia ... penso eu.*]

Para os lexionarios, a verdadeira Galia de tódalas Galias. O lugar físico onde reside o medo e Morte en persoa.

[*Póñenseme os pelos dos brazos como escarpías só de escribilo, calquera se alistaba daquela como voluntario. Seguro que case foi peor co tema do Prestige.*]

... ..

[*Rescatada e desenterrada esta historia de prantura, da ausenza e de olvido, eívola narrar agora, o meu xeito, máis ou menos como naqueles tempos pasados poido acontecer. Eso si, o poñer énfasis poida que cambien alguhas cousiñas sen importancia.*]

E así marchou, sobre Virxiz, a lexión de Roma, con paso duro e firme, agrupados en columna de a dous, forzados a estirar as súas filas entre a frondosa vexetación. A trancas e barrancas avanzaron paseniño e sen agarimo algún cara o seu destíño final. Só ... mulleres, ouro, metais e “becerro o espeto” vacilaban reboloteando nas súas cabezas, como únicas ideas e visións posíbelas. Por outro lado, os rebeldes gerreiros das fondas fragas da Morte, tiñan fillos, mulleres, devanceiros, terras e mar nas súas mentes, e sabíanse mortos sen liberdade ou ... sen o seu pequeno paraíso de fieitas e carballeiras. Non paraban de imaxinar dende o ceo ... o seu país, como o meirande prado verde de tódos prados que viu o ollo do home, e sómentes pensaban nel, como único nexo entre o corpo brando e a terra senlleira e matriarcal. Podemos dicir que eran brutos... pero amaban.

E así foi como aconteceu. [*En realidade ... caeron máis estacazos do que eu vou narrar*].

Trescentos lexionarios da décimonovena foron sorprendidos o carón do "regato sen nome", nun baleiro de follas e penumbra, por un inxente de frechas, untadas a posta en veneno de escarapote e serpe. O grupo, agazapouse nun pequeno outeiro, fusionándose uns cos outros, nun círculo case perfecto. Os escudos protexeron a embestida do exército celta e caeron un cento, e moitos máis. Foi abofé moito máis do que Irom ou Pentecoh poidesen desexar nunca. Os invasores alzaron as súas longas lanzas entre os escudos, en noventa grados, e ben somellaban un porco espiño de ferruxe amarela.

[*Francamente, semellaban Espinete, xogando de xeonllos a pilla en Barrio Sésamo*].

Agardaban, os romanos atrincherados, a galopada lóxica da cabalería inimiga; pero os flacos xamelgos druídas daqueles lares, máis ben somellaban un galgo grande que un cabalo.

A *paradigmática* ausencia de cabalería dou mala presenza os romanos, que tomaron aquel ataque espido e sen cabalos, como un signo claro de vacilación e debilidade. Foi daquela cando se ordeou avanzar cara a fraga contra o inimigo e o porco espiño romano con chancletas e *falditas* vermellas foi paseniño movéndose ordenadamente cara unha carballeira penumbrosa. Escarallábanse de risa mentras abanzaban todos lenes. As frechas saían de entre o monte escuro a fume de carouzo, dende as árbores, e petaban na coraza dos romanos freando a súa dubidosa *embestida*. E foron, un a un, bicando terra, os pobriños romanos, impactados por frechas de dor inapelábel. A estrutura das filas resquebrouse, e os valentes guerreiros ártabros de Irom, (capitaneados polo seu líder Murjiar, "o trovador"), irrompeu con cabalos pequenos e afamados, correndo enfevecidos, a trote tendido, coma alma que come o demo. [¡¡¡¡ *canto máis alto subes máis castañazo te metes !!!!*]

En menos que dicir *cataplúm-chisplúm*, a maltreita cabalería de Irom, espetouse de fuciños contra as filas romanas, coma Fernando Alonso sen frenos, e as lanzas dobraron contra os galgos relinchóns. Dúas ducias de guerreiros celtas foron ensartados coma pinchos morunos e seguiron a súa loita malferidos e doentes ... a rentes do chan. A peito descuberto, nun fino orballo miúdo, desfixéronse a loitar enlouquecidos contra unha inmensa maraña de falditas vermellas e de espadas curtas que apuñalaban polas costas, unha e outra vez, os valentes xinetes ártabros. O puñado de guerreiros a cabalo, que non cedeu as lanzas, atolaba en neurose a cortar pescozos e brazos, o tempo que azuzaban os seus cabalos "*come-toxos*" que turraban e repartían couces, sen distinguir amigo ou inimigo.

[¡¡¡ *couces gratuítas e ... a lo loco !!! Se te achegabas ... ¡¡¡¡ PREMIOOO !!! ... dábanche unha boa couce de balde, así ... sen máis.]*

Mentras caían duramente no centro os xinetes de Irom, por tódos flancos posíbels, caían flechazos dende os carballos con saña e ánimo espeso de dar no tino. A infantería lixeirísima

de Pentecoh, desnortada e valente de máis, asaltaba en tropel contra as lanzas romanas con pesadas lanzas de pau de buxo e punta de cobre, correndo a galope contra o inimigo (*coma se fose o último autobús da noite e estivera pechando as portas*).

E de súpeto, para máis **inri** dos aturdidos romanos, unha bandada enorme de cans alobados, afameados e *garrapatosos*, tomou en tropel o "prado de batalla", galoupando como se aquilo fose unha "autopista sen carnet por puntos" . Entón, escomezaron a repartir dentelladas a todo ser humano ... "*habido ou por haber*".

Eran os feroces cans de Virxiz. Defensores nocturnos da cidade e cazadores valerosos.

Que en realidade non estaban adiestrados, por suposto. Pero sen os seus donos controlando, cando se xuntaban máis de dous, ¡¡¡ sempre a liaban moi gorda !!! . Apuntábanse, de cote, a calquer bombardeo que poidese xurdir. Os cadelos aqueles, medio can palleirán e medio lobo, eran valentes cazadores e facíanlle fronte, aínda que as levaran, o lobo, o xabaríl ou incluso ¡a osos!. Eran animais falsos coma mulas, pero altamente **camicaces**. Atacaban, levábanas duramente, pero, volvían a atacar.

[*Hoxe, de non se extinguir eses benditos animalíños, o nome técnico poida que fose, perfectamente, penso eu: "can camicace mestizo", atolado ... e de tendencias masoquistas.]*

Para aqueles díaños atestados de garrapatas, moi lonxe aínda da era do seguro para cans e as perruquerías caninas, unha boa pelexa no monte ... era un motivo claro de diversión animal desatada. E, para aqueles miserábel cadelos sarnosos, os falditas curtas romanos con chancletas e as pernas o sol, eran un bombón con sabor a coello a saltiños polo monte.

... ..

No medio daquela gran maraña de lanzas, espadas, *falditas* e cans desnortados, os xinetes de Irom foron sucumbindo, un por un, ata que o endeusado Murjiar ("o trovador") tivo que acabar a refrega en terra, pois o seu "burro-acabalado" cedeu o envite das lanzas e

dos mordiscos, e afuciñou de *impronta*, desangrado, no alto da chaira, frío e teso coma unha barra de pan despois dun mes.

Murjiar, era pequeno e retaco coma un neno gordecho, pero tiña un xenio propio dunha dor intensa de moas. Cando andaba encabuxado tardaba dúas lúas cheas en voltar a calma chicha. E deste xeito, a base de patadas e estacazos coa espada larga, abriuse paso cara o filo da carballeira, deixando un rego indescriptíbel de lexionarios malparados o seu paso. Sementando, o seu andar, ese sentimento intenso e contaxioso de carraxe compulsiva. O seu avance entre ringleiras animou os seus compadres a vingar a ferro a ousadía invasiva daquel inimigo: afeminado e de pernas peludas e núas. Pero os envites dos lexionarios fixeron dobrar "o trovador", que venceu a súa honra e o seu nome, ¡¡¡ pagándoo coa morte!!!. E así finou ... axeonllado, entre un herbal de margaridas, acoitelado coma unha rosa dos ventos. E así, de xeito tan poético, coa súa espada celta na man, de xeonllos, foi esquecido o seu nome e o seu carraxe crónico, e tamén a súa rexia *gallardía* no combate. Murjiar, o gran heroe dos anterigos, finou coas botas postas para acabar hoxe na dura ironía ... do esquecemento.

[*Pero, cecáis, a carraxe e a valentía, non finen no corpo brando; cecáis viaxen polas veas da sangue quente que flúe eternamente neses recordos do a.d.n. (que sempre impera). Poida ser que os apelidos proveñan dos sobrenomes ou dos grandes heroes de pasados remotos, hoxe falecidos no debalar das horas. Cecáis todos nós sexamos un pouco Murjiar ... cecáis ... só ... cecáis... non o sei.]*

[E, como diría daquela hora, Murjiar "o trovador", o finado lider dos xinetes ártabros:

- “aínda vexo o sol ... se pecho os ollos ... transpasar as follas dos carballos

nese raio de ardora verde-fluorescente

rebentar toda flor de cobardía.

e prefiro non herdar ... endexamáis

esas terras da morriña....

e desexo nun flashbag que o minutario se deteña

sen lume de horas,

sen plumas de bágoas

que arrasen todo duramente.

adoezo no recordo daqueles tempos antes do meu nome,

e xente, e seres, e lares,

luces, terra, mares ...

que nunca imaxinei que foran certos.

todo morre de contado

e non me saen as regueifas definidas ...

... pero eu ... Murjiar , (o trovador sinxelo) ...

... aínda vexo o sol agromando

transpasar as follas dos carballos

nese raio de ardora verde-fluorescente

aló ... nun remoto monte do pasado...

de xeonllos, entre margaridas.

...

[E ... ¿ non te preguntas ti, máis aló desta folla en branco, como é en verdade posíbel, que sexa eu capaz, ¡¡¡¡ pobre animalíño !!!! , de redactar esta historia épica poñendo a numeración dos capítulos en números "romanos" ? ... son preguntas estas, "paradigmáticas", coma aqueloutras que se facían os monxes budistas para poder estar durante meses xogando o xadrez coas súas atarefadas neuronas.

Enviádeme, por favor, eso si, un e-mail ... "iso facto", no caso, improbábel, de atopar algunha resposta concluínte a este enigma que eu plantexo.]

E saltemos agora, sen saber o final deste conto, ¡ como debe fastidiar eso !, a outro punto da nosa historia, por exemplo, a era do druída Abusir, ano 311 antes de Xesús Cristo. Vivía en Berganta ... na cidade de Virxíz, hoxe Cabana de Bergantiños ... e era descendente e devanceiro que precedeu a Murjiar (o heroe trovador, derradeiro príncipe dos celtas).

Non coñecen as terras de Virxíz a derrota nin a gloria, máis aquela tarde de outono zoupou con forza o vento sobre un gran navío Vikingo nas brancas areas daquela costeira impenetrábel. Miles de cadáveres quedaron esporecidos pola praia tinguindo todo de vermello. E recordaron con dureza a un pequerrecho meniño loiro que non hai mellor victoria para un home ... que a de seguir vivindo. ¡¡¡¡ Esa inesgotábel loita da vida sobre da morte !!!!.

Pero cecáis nesa tarde de corvos e corpos mortos non exista honra nin gloria entre tanta dor.

O pequeno cachafello camiñou, apoupado e traumatizado, sorteando aqueles corpos

inertes i ensanguentados. Na súa mente resoaban, coma o mar batendo contra as pedras, os sons arrepiantes que facía un intre soáran na refrega. De súpeto, o meniño desplomouse de xeonxos a carón dun corpo. Era seu pai, aínda con vida, destrozado. Chamábase Breog ... era un xefe guerreiro, forte e afouto, líder de líderes. ¡Un gran xefe!. A súa mirada perdida sondeaba o ar e a faciana do seu fillo Uxío que o estaba a laiar. Unha ristra de cortes nas pernas, nos brazos e no peito indicaban, abofé, que a Breog éralle mellor morrer que seguir sangrando. E diso decatouse o pobre meniño. Bicou a fronte de quen lle deu a vida e colleu a gran espada de seu pai, a espada que protexeu sempre Virxíz, alzouna con xenio ... e rematou o que non remataran os Vikingos.

Non quedaron xa inimigos con vida, pero os guerreiros de Breog, tamén pereceron nunha longa loita ... a espada e a corpo. ¡ No ataque e na defensa non existe nunca a bondade ou a paz !.

O pequeno Uxío chorou amargamente toda a tarde e toda a noite ata quedar sen folgos e desplomouse durmido profundamente contra o corpo sen vida de seu pai. Pola mañán cedo, aínda en luscofusco, unha espesa néboa tapou o val. As xentes de Virxíz achegáronse a devandita praia a recoller os corpos dos valentes para darlles unha última homenaxe e laiar a súa perda nesta vida. O chirrido estridente dos eixos dos carros espertaron a Uxío que o atisbar o seu conveciños polas corredoiras do monte achegárense paseniño a praia apresurouse a limpar con presa as bágoas da face i ergueuse fogosamente. Colleu con rabexa un casco con cornos, propiedade dos inimigos, e correu cara o mar a carrexar auga para limpar a sangue da faciana e do corpo de seu pai.

É posíbel que sexa ese pequeno e insignificante feito a maior gloria dun home, dunha era ou incluso dun Deus. Poida que ese detalle sexa o único que nos distinga daqueles que nos precederon.

....

....

....

....

....

...[I esa foi a última imaxe, case fotográfica, que lembrou con exactitude o a.d.n. da miña sangue: coma lembranza química e inmortal. Xa non podo contar máis cousas, hoxe non lembro máis, cecáis ... noutra vida, ou cecáis ... noutro libro, xa seguirei un día esta historia ¿real ou imaxinada?.]

["E, como dixo, fai dous milenios, Murjiar o trovador:

- saloucos de vento a rentes da tona do mar.

...

neste querer do inferno

cuspiendo adeuses

(naceches ti)

cantor silandeiro

da auga e do ar.

...

...

sangue dos bardos e da costeira gris

(fillo do esteiro e da area,

irmá do verso),

nese falar silandeiro... dicindo sen decir

tantas cousas !!!!

agochadas

no ventrículo febríl e vermello

que latexa paseniño

cara os cavorcos do fin da terra ;

no son líquido da memoria que pervive ...

no mañá do onte sen o onte,

no verso do mar sen o mar,

no mar do verso sen o verbo,

e na vida do meu fillo

.... ¡¡¡¡ sen mín !!!!!

.....

.....]

....

....

*[arrentes do destiño transparente
sobrevoan almas inconclusas
que se firen no esquecemento
deste apagón de versos
e de nomes.
...].*

NOTA FINAL DO AUTOR:

"A cibdá celta de Virxíz e os poboados celtas dos que falei en (RIO ARRIBA) non son unha "quimera", son reais, aínda viven físicamente. Algún incluso esta en pé e podedes achegarvos a visitalos porque son preciosos monumentos históricos do que un día fomos e de onde un día viñemos e vivimos. Ruínas bellas con centos de miles de historias de sangue e traballo ... en prados e montes esquecidos no noso pequeno globo de "horas extras", guerras, estrés e hipotecas.

¡E nada máis,... ata a próxima novela ... amigos!.."

FIN.

... PERO, ..., POIDA QUE CONTINUE !!!

